

O uso das linguas cooficiais españolas na UE

Marcos Martín Pérez

Introdución⁽¹⁾

O pasado 16 de novembro de 2005 o presidente da Xunta de Galicia, Emilio Pérez Touriño, empregaba o galego por primeira vez na historia das institucións europeas. Esta primeira intervención en galego, realizada con ocasión da 62 sesión plenaria do Comité das Rexións, foi posible grazas ao acordo conseguido polo Goberno español para permitir o uso no eido da Unión Europea das linguas que, ademais do castelán, son oficiais en España.

Efectivamente, o 13 de xuño de 2005, en resposta á solicitude do Goberno español realizada seis meses antes, o Consello da Unión Europea recoñecía a posibilidade de utilizar no seu seo as linguas que son oficiais nos Estados membros aínda que non o sexan da Unión Europea. Así mesmo, invitaba ás outras institucións e órganos da Unión a que adoptasen as medidas oportunas para permitir igualmente o seu emprego.

Posteriormente, o Goberno español iniciou os trámites para pór en práctica a decisión do Consello mediante a elaboración dun acordo administrativo con cada unha das institucións e órganos da Unión. Se ben o Consello foi a primeira institución en asinar o citado acordo administrativo o 7 de novembro, foi o Comité das Rexións, a pesar de asinar o seu pacto unha semana máis tarde –o 16 de novembro– o primeiro organismo europeo que permitise na práctica o uso das linguas oficiais en España distintas do castelán.

No presente artigo expónse brevemente o proceso seguido para acadar o citado acordo do Consello permitindo o uso das denominadas “linguas adicionais” así como o seu contido básico. Igualmente, e a título de exemplo, analízase o acordo administrativo subscrito co Comité das Rexións, tendo en conta a similitude existente entre os outros acordos xa acadados ou en negociación.

A solicitude española

O 13 de decembro de 2004 o Goberno español presentou ao Consello da Unión Europea un memorando que contiña unha solicitude de recoñecemento oficial na Unión de todas as linguas que gozan de carácter oficial en España. Esta petición foi o resultado do compromiso adquirido polo presidente do Goberno, José Luís Ro-

(1) As opinións expresadas neste artigo son persoais e non representan necesariamente a posición oficial da Comisión Europea.

dríguez Zapatero, durante o seu debate de investidura no Congreso dos Deputados en resposta a unha petición de Esquerra Republicana de Catalunya.

O compromiso do Goberno traducíuse posteriormente en dúas propostas concretas: que o *Tratado que establece unha Constitución para Europa* –por entónces en negociación– fose traducido ás linguas non oficiais na Unión Europea pero oficiais nalgún Estado membro, como é o caso do vasco, catalán ou valenciano e galego; e que os cidadáns que se expresen nesas linguas puidesen dirixirse, e ser respondidos, ás institucións da Unión Europea neses idiomas.

A primeira proposta puido ser recollida no propio texto do Tratado, cuxo Artigo IV-448 establece que “se pode traducir para calquera outra lingua que determinen os Estados membros entre aquelas que, de conformidade cos seus ordenamentos constitucionais, teñan estatuto de lingua oficial na totalidade ou en parte do seu territorio. O Estado membro de que se trate facilitará unha copia certificada, que se depositará nos arquivos do Consello”. En virtude desta disposición, o 4 de novembro de 2004 o ministro español de Asuntos Exteriores, Miguel Ángel Moratinos, facía entrega ao secretario xeral do Consello, Javier Solana, das traducións certificadas do Tratado en vasco, galego⁽²⁾, e a lingua que se denomina catalán na Comunidade Autónoma de Cataluña e na das Illas Baleares e que se denomina valenciano na Comunidade Valenciana.

A segunda proposta, que finalmente non puido ser introducida no Tratado constitucional ante a forte oposición de varios Estados membros, tivo que esperar a un momento máis oportuno. Este produciuse con motivo da decisión do Goberno irlandés, feita pública en xullo de 2004, de pedir á Unión Europea que recoñecese ao gaélico irlandés como lingua oficial e de traballo da Unión Europea. Aproveitando a demanda irlandesa, o Goberno español decidiu formular novamente o tema da modificación do réxime lingüístico da Unión para que se recoñecese nesta o estatuto oficial de que gozan en España outras linguas ademais do castelán. Esta intención do Goberno español foi anunciada mediante sendas cartas de data 13 de setembro⁽³⁾ enviadas á Presidencia rotatoria da Unión Europea –exercida no segundo semestre de 2004 polos Países Baixos– e ao presidente da Comisión Europea, Romano Prodi. Nelas recollíase o desexo de España de que se reformase o Regulamento 1/58 polo que se establece o réxime lingüístico da Unión Europea de forma que “se recoñeza o estatuto de linguas oficiais na Unión” para “o catalán, valenciano, galego e vasco, todas elas linguas oficiais en España e amplamente utilizadas por unha parte importante da súa poboación”.

A presentación formal da demanda española ao Consello da Unión Europea produciuse finalmente o 13 de decembro de 2004 co xa citado memorando titulado

(2) Versión en galego en *Tratado que establece unha Constitución para Europa*, Santiago de Compostela, Fundación Galicia Europa, 2005.

(3) Véxase o texto en <http://www.es-ue.org/>.

Solicitud de recoñecemento na Unión Europea de todas as linguas oficiais en España⁽⁴⁾. Nel o Goberno español solicitaba en concreto “o recoñecemento oficial na Unión Europea das linguas distintas do castelán que contan con estatuto oficial en España, linguas que xa atoparon un primeiro recoñecemento coas tres versións lingüísticas do *Tratado que establece unha Constitución para Europa* entregadas o 4 de novembro de 2004: o éuscaro, o galego, e a lingua que se denomina catalán na Comunidade Autónoma de Cataluña e na das Illas Baleares e que se denomina valenciano na Comunidade Valenciana”.

Para iso, o Goberno propoñía, tal e como anunciara previamente nas referidas cartas, unha reforma do Regulamento 1/1958 no que se establece o réxime lingüístico da Unión Europea⁽⁵⁾ en virtude da cal estas linguas serían tamén linguas oficiais e de traballo das Institucións da Unión, se ben “nas condicións e aos solos efectos establecidos no Anexo deste Regulamento”. Esta matización supoñía, por tanto, introducir unha segunda categoría de linguas oficiais con un réxime de uso máis limitado, en consonancia coa posición “realista” e “pragmática” do Goberno español da inviabilidade, dada a sensibilidade do tema lingüístico entre os outros Estados membros, de conseguir unha equiparación plena e total coas actuais linguas oficiais e de traballo⁽⁶⁾.

A demanda española, previamente consensuada a nivel interno coas comunidades autónomas afectadas (Galicia, País Vasco, Cataluña, Illas Baleares, Navarra e Comunidade Valenciana), articulábase en catro elementos principais:

- A publicación nestas linguas no Diario Oficial da Unión Europea da versión final dos textos legais adoptados exclusivamente polo procedemento de codecisión entre o Parlamento Europeo e o Consello, fundamentalmente regulamentos e directivas. Renunciábase, por tanto, á publicación da totalidade dos actos normativos, en consonancia coa referida aproximación realista do Goberno.

- A posibilidade de empregar estas linguas nas intervencións orais (interpretación pasiva) nas sesións plenarias do Parlamento Europeo e do Comité das Rexións, e nas reunións ministeriais do Consello, en particular cando participe un representante das comunidades autónomas. Para iso sería necesario que se solicitase sempre con suficiente antelación (no anexo ao Regulamento sinalábase un prazo de 7 días hábiles).

- O uso nas comunicacións escritas dos cidadáns coas institucións e organismos da UE. Estas poderían solicitar ás autoridades españolas unha tradu-

(4) Consello da Unión Europea, doc 1622/1/04 Rev 1 (es) de 17 de xaneiro de 2005.

(5) Versión consolidada do Regulamento n° 1 polo que se fixa o réxime lingüístico da Comunidade Económica Europea (DO P 17 de 06/10/1958 p385) modificado en última ocasión pola Acta relativa ás condicións de adhesión da República Checa, a República de Estonia, a República de Chipre, a República de Letonia, a República de Lituania, a República de Hungría, a República de Malta, a República de Polonia, a República de Eslovenia e a República Eslovaca, e ás adaptacións dos Tratados nos que se fundamenta a Unión (DO L 236 de 23/09/2003 p33) 1958R0001 (es) 01/05/2004 -005.001- 1.

(6) Véxase as declaracións do secretario de Estado de Asuntos Europeos, Alberto Navarro, nos comunicados de prensa da Axencia EFE de data 14 de outubro ou 30 de novembro de 2004.

ción ao castelán do mencionado escrito. Neste caso, os prazos de resposta existentes aplicaríanse á comunicación coas autoridades españolas e non directamente co interesado.

- A plena inclusión no programa comunitario *Lingua para a promoción da diversidade lingüística*, tendo en conta que nese programa xa se contemplaban outras linguas que carecían de estatuto de lingua oficial da Unión Europea (caso do luxemburgués).

Cómpre sinalar que un dos elementos fundamentais sobre os que se fundamentaba a demanda española era o compromiso de asumir o custe derivado da aplicación na práctica dos dereitos solicitados para as linguas cooficiais. Así mesmo, ofrecía diversas medidas tendentes a facilitar dita posta en práctica, por exemplo, proporcionando intérpretes ou tradutores ás institucións que o necesitasen ou facilitando as traducións de textos necesarias.

Ademais, prevíase a conclusión dun acordo administrativo entre o Estado membro e a institución ou institucións europeas concernidas sobre as cuestións orzamentarias e prácticas derivadas da aplicación do Regulamento modificado.

As negociacións

A solicitude española foi tratada por primeira vez na reunión do Comité de Representantes Permanentes (COREPER) celebrada o 10 de marzo de 2005. Nos tres meses que seguiron ata alcanzar un acordo definitivo o 13 de xuño, as negociacións realizáronse de maneira moi prudente e reservada. Segundo o secretario de Estado de Asuntos Europeos, Alberto Navarro, o Ministerio de Asuntos Exteriores realizou “un traballo moi discreto pero moi intenso para convencer ao resto de Estados membros da viabilidade da iniciativa”⁽⁷⁾.

As negociacións levadas a cabo teñen que ser vistas na realidade dun contexto claramente contrario á demanda española. Este receo xeneralizado, cando non unha verdadeira oposición de certos Estados membros, foi debida a diversos motivos entre os que se poden salientar, en primeiro lugar, a recente ampliación da Unión Europea que practicamente duplicou o número de linguas oficiais de 11 a 20. Así, máis dun Estado membro consideraba que o recoñecemento de novas linguas podía complicar aínda máis o réxime lingüístico da Unión (caso de Alemaña).

É máis, directamente vinculado con este motivo ten que se sinalar o movemento a prol da racionalización lingüística no seo das institucións, caso por exemplo do recente intento por parte da Comisión Europea de limitar o número de linguas a empregar na práctica nas roldas de prensa desa institución⁽⁸⁾.

(7) Axencia EFE, comunicado de data 7 de marzo de 2005.

(8) Axencia EFE, comunicado de data 23 de febreiro e 15 de marzo de 2005.

Igualmente, hai que ter presente o temor de certos Estados membros a que a solicitude española espertase peticións semellantes por parte das súas propias comunidades lingüísticas rexionais e minoritarias (caso de Francia co bretón, o corso ou o vasco; Holanda co frisón; ou varios novos Estados membros con importantes minorías lingüísticas).

Pola contra, o principal apoio veu da man de Irlanda que, como xa se indicou, días antes da solicitude española presentou unha demanda similar a fin de obter o recoñecemento do irlandés como lingua oficial e de traballo da Unión Europea (ver máis abaixo o apartado correspondente), e da propia Presidencia luxemburguesa, cuxa lingua nacional, o luxemburgués, sen ser lingua oficial da Unión sempre gozou dunha atención especial nos programas de promoción lingüística da Unión Europea.

Como xa se indicou, o principio básico sobre o que se sostivo a solicitude española dende o principio foi a disposición a sufragar o custe de todas as medidas solicitadas. Segundo o secretario de Estado de Asuntos Europeos, os custes da demanda española céntranse na primeira medida, a tradución dos actos legislativos, que podería estar ao redor a 1,5 millóns de euros anuais. A interpretación nas reunións non tería custe, xa que estimouse que aproximadamente un terzo dos intérpretes de español xa coñecen algunhas das linguas cooficiais. E no que se refire ao dereito de comunicación, serían as propias comunidades autónomas as que realizarían a tradución⁽⁹⁾.

Con todo, as primeiras conversas puxeron de manifesto que a solicitude española só podería suscitar o acordo do resto das delegacións se reducía a súas pretensións e, en especial, se renunciaba á modificación do Regulamento 1/1958. Nesta liña traballou a Presidencia luxemburguesa que, no seu lugar, propuxo a adopción dunha declaración de natureza máis política en forma de “conclusións”, que servirían de base para a firma de acordos administrativos concretos entre as institucións comunitarias e o Estado membro interesado. Ademais, as conclusións terían por obxectivo posibilitar a utilización das linguas cooficiais no seo das institucións e órganos da Unión, pero non darlles un verdadeiro recoñecemento oficial por parte desta.

Aínda que o COREPER tiña que ter alcanzado un acordo, sobre a base da proposta de compromiso da Presidencia, na súa reunión do 9 de xuño a fin de que o asunto se incluíse como punto A (a adoptar sen debate) no Consello de Asuntos Xerais do 13 e 14 de xuño, este non foi posible no último momento debido fundamentalmente á oposición dos Países Baixos que consideraba que non se analizaran detidamente as repercusións que esta medida podía ter. Isto obrigou a convocar unha reunión extraordinaria do COREPER o mesmo día 13 pola mañá que finalmente permitiu aprobar unanimemente a proposta da Presidencia luxemburguesa lixeiramente modificada.

(9) Axencia EFE, comunicado de data 7 de marzo de 2005.

O compromiso da Presidencia

A proposta da Presidencia luxemburguesa⁽¹⁰⁾, aprobada con lixeiras modificacións no Consello de Asuntos Xerais do 13 de xuño⁽¹¹⁾, recolle en boa medida os principais elementos da solicitude española presentada o 13 de decembro de 2004, se ben reduce o seu alcance e sobre todo recorre a unha forma substancialmente diferente.

En lugar de modificar o Regulamento 1/1958 en que se establece o réxime lingüístico da Unión Europea tal e como solicitaba o Goberno español –o que, segundo a Presidencia, era xuridicamente imposible⁽¹²⁾–, propuxo a adopción dunhas “conclusións do Consello relativas ao emprego oficial de linguas adicionais no seo de certas institucións e órganos da Unión Europea”. Estas conclusións servirían de base para que o Consello, e eventualmente outras institucións e órganos da Unión Europea, puidesen concluír un acordo administrativo co Estado membro concernido. En definitiva, o acordo acadado fundamentouse sobre un instrumento de carácter máis político ca xurídico que, en ningún caso, outorga estatus oficial ás linguas cooficiais españolas.

O ámbito de aplicación destas conclusións foi ademais modificado durante os debates da proposta da Presidencia para afectar en exclusiva ao Consello, sendo potestativa a súa aplicación ao resto das institucións e órganos da Unión, pois respecto a estas só se lles invitaba a que adoptasen unha actitude similar subscribindo os correspondentes acordos administrativos.

Neste sentido, aínda que a solicitude orixinal do Goberno español prevía xa a subscripción de acordos coas institucións e órganos da Unión, a súa finalidade era fundamentalmente aclarar as cuestións de carácter práctico e orzamentario, mentres que coa solución finalmente aprobada parece que condicionarán o réxime de uso das linguas adicionais. En todo caso, os acordos deberán axustarse ás condicións das conclusións do Consello.

O acordo finalmente adoptado en forma de conclusións⁽¹³⁾ establece que son de aplicación a aquelas linguas, distintas das recollidas no Regulamento 1/1958, cuxa oficialidade sexa recoñecida pola Constitución dun Estado membro en todo ou en parte do seu territorio ou cuxo emprego en tanto que lingua nacional estea autorizado por lei. Preténdese con esta formulación que a solución non sexa específica da demanda española senón tamén aplicable a outros posibles casos máis ou menos similares existentes no conxunto da Unión Europea.

(10) Consello da Unión Europea, doc 9506/05 de 30 de maio de 2005 e doc 9506/1/05 de 8 de xuño de 2005.

(11) Consello da Unión Europea, doc 6806/2/05 Rev 2 de 13 de xuño de 2005.

(12) Segundo a Presidencia, xuridicamente non era posible modificar o Regulamento 1/1958 xa que está fundado no Artigo 290 TCE (que habilita ao Consello a fixar o réxime lingüístico das institucións da Comunidade) e este debe respectar o Artigo 314 TCE que establece as linguas en que o Tratado está redactado e fai fe, entre as que non figuran as linguas cooficiais españolas.

(13) Conclusións do Consello de 13 de xuño de 2005 relativas ao uso oficial doutras linguas no Consello e, no seu caso, noutras institucións e órganos da Unión Europea, Diario Oficial da Unión Europea C 148 de 18 de xuño de 2005, p1.

Así, as conclusións do Consello recoñecen:

- A publicidade dos actos adoptados en codecisión polo Parlamento Europeo e o Consello. Para iso, o goberno do Estado, membro concernido, deberá facilitar a ambas institucións a tradución certificada nas linguas adicionais dos actos adoptados, tradución que en ningún caso terá valor xurídico. O Consello, ademais de arquivar a versión traducida, deberá facilitala previa demanda, ademais de garantir a súa dispoñibilidade a través de internet. Sen embargo, non se contempla a publicación no Diario Oficial da Unión Europea tal e como solicitaba o Goberno español no seu memorando.

- A posibilidade de empregar estas linguas nas intervencións orais nas sesións do Consello e, eventualmente, noutras institucións ou órganos da Unión (por exemplo, os plenos do Parlamento Europeo e do Comité das Rexións). Para iso, será necesario que o Goberno do Estado membro interesado solicite, con suficiente antelación, á institución de que se trate, a autorización así como que se provean dos medios necesarios. En todo caso, no texto introduciuse a última hora sendas modificacións para precisar explicitamente que a interpretación facilitada será exclusivamente a pasiva e que só se producirá “no seu caso”, para indicar que non é o suposto xeral senón que se realizará de forma ocasional ou excepcional e, dende logo, sempre previa petición. Se ben, pódese deducir que a autorización concederáse sempre que a solicitude se realice coa suficiente antelación e se dispoña dos recursos necesarios en termos de persoal e equipamento.

- O uso nas comunicacións escritas dos cidadáns coas institucións e organismos da UE. Esta medida require que o Estado membro designe un organismo intermedio que se encargará de relacionarse coa institución ou órgano comunitario e que facilitará as traducións necesarias ás linguas do Regulamento 1/1958. O mesmo procedemento aplicarase para a resposta da institución ou órgano da UE. Ademais, a obriga de cumprir cos prazos de resposta existentes se entenderá referida ás relacións con este organismo intermedio.

Por outra parte, no que se refire á solicitude española da plena inclusión destas linguas no programa comunitario *Lingua para a promoción da diversidade lingüística*, o Consello sinala que as disposicións do Tratado non impiden esa inclusión, pero recorda que para iso é necesario modificar a decisión pola que se establece o referido programa, sendo necesario iniciar un procedemento lexislativo cunha proposta da Comisión Europea nese sentido.

Por último, estas conclusións sinalan que os custes directos ou indirectos relacionados á aplicación dos acordos administrativos concluídos entre as institucións e órganos da Unión e o Estado membro afectado serán exclusivamente a cargo deste último, tal e como propuxo o Goberno español dende un principio.

O acordo administrativo co Comité das Rexións

As conclusións do Consello de Ministros de 13 de xuño relativas ao uso das linguas que son oficiais nos Estados membros pero que non o son na Unión Europea

prevén que o Consello subscriba un protocolo administrativo cos Estados membros interesados a fin de levalas á práctica e suxiren ás outras institucións e organismos comunitarios, incluído o Comité das Rexións (CdR), a firma de acordos similares, seguindo as condicións recollidas nas citadas conclusións.

Con data 14 de xullo, o Goberno español enviou ao Comité das Rexións un proxecto de acordo administrativo neste sentido. O acordo –similar ao enviado previamente ao Consello e que foi subscrito con data 7 de novembro⁽¹⁴⁾– foi aprobado pola Mesa do Comité o 15 de novembro e finalmente asinado entre o secretario de Estado de Asuntos Europeos, Alberto Navarro, e o secretario xeral do Comité das Rexións, Gerhard Stahl, ao día seguinte, 16 de novembro. Ese mesmo día os presidentes de Cataluña, Galicia e a Comunidade Valenciana así como os representantes do País Vasco e Illas Baleares interviñan na sesión plenaria do Comité das Rexións nas súas respectivas linguas.

O acordo administrativo entre o Reino de España e o Comité das Rexións⁽¹⁵⁾ contén as seguintes cláusulas:

- A posibilidade de todo cidadán español de dirixir unha comunicación escrita ao CdR nas linguas diferentes ao castelán que teñan estatuto oficial segundo á Constitución Española. Neste caso, a comunicación deberá dirixirse ao órgano competente designado polo Goberno español, que o remitirá a súa vez á Secretaría Xeral do CdR xunto cunha tradución certificada ao castelán. O CdR enviará a súa resposta en castelán a este órgano, que a enviará ao interesado xunto cunha tradución certificada na lingua orixinal.

Se os servizos do CdR tiveran capacidade poderán responder na lingua orixinal e enviarlle directamente a resposta ao interesado. Aínda que non están obrigados a facelo, tamén poderán responder se reciben directamente unha comunicación do cidadán, se ben a única obriga que ten neste caso é informar ao cidadán da posibilidade que dispón de acudir ao órgano competente.

En caso de existir prazos de resposta, estes empezarán a correr a partir de que o Comité reciba a tradución en castelán. Tamén cumprirá con estes contestando en español e informando de que posteriormente recibirá a tradución certificada á lingua orixinal da comunicación.

- A posibilidade de que os membros do Comité das Rexións utilicen nas sesións plenarias algunha das linguas diferentes ao castelán que teñan estatuto oficial segundo á Constitución Española. Para isto, o Goberno español, a través da Representación Permanente de España ante a Unión Europea (REPER), comunicará á Secretaría Xeral do CdR cunha antelación suficiente (ao menos 7 semanas⁽¹⁶⁾) a

(14) Consello da Unión Europea, doc 13887/05 de 3 de novembro de 2005. Véxase o texto do acordo tamén en <http://www.es-ue.org/>.

(15) Véxase o texto do acordo en <http://www.cor.eu.int/>.

(16) Na primeira reunión da Mesa na que se debateu a cuestión, celebrada o 11 de outubro, os membros españois da mesma (representantes de Asturias e Aragón) propuxeron un prazo de catro semanas (en vez de sete) para a solicitude da interpretación en coherencia co prazo no que debe estar dispoñible a orde do día da seguinte sesión plenaria. Cómpre recordar, por outra parte, que o memorando español orixinal de 13 de decembro de 2004 referíase a un prazo de 7 días hábiles.

intención dun membro do CdR de empregar unha de ditas linguas nas súas intervencións orais (interpretación pasiva). O CdR responderá á petición catorce días antes do Pleno.

En principio esta petición será atendida salvo si o xefe da cabina española notifica á Secretaría a imposibilidade por falta de medios humanos ou materiais.

- O Goberno español asumirá todos os gastos da posta en marcha do acordo administrativo sobre a base da presentación semestral dos gastos.

- O protocolo administrativo proposto avaliarase ao cabo dun ano. Ambas partes terán dereito á revisión e cancelación do mesmo.

A negociación do acordo co Comité das Rexións foi relativamente rápida e sinxela, como non podería ser doutra maneira na asemblea que representa ás entidades locais e rexionais da Unión Europea. Sen embargo, non se pode obviar que nas discusións internas do Comité, especialmente no Comité de Asuntos Administrativos e Financeiros –encargado de avaliar o alcance e consecuencias do acordo– pero tamén na propia Mesa, algúns membros reproduciron varias das obxeccións e preocupacións xa xurdidas no Consello relativas aos problemas que a aplicación desta medida pode traer ao funcionamento do CdR, así como pola introdución de novas linguas antes de que estea garantida a interpretación de tódalas linguas oficiais (en referencia aos problemas existentes con algunhas das linguas dos novos Estados membros).

Pola contra, cabe subliñar que se ben o protocolo formalmente non se poderían ter aplicado na sesión plenaria do mes de novembro ao ser necesario solicitalo con sete semanas de antelación, a boa predisposición tanto da Secretaría Xeral do Comité como dos grupos políticos permitiu o uso das linguas cooficiais de forma provisional nesa sesión plenaria, derradeira do terceiro mandato do Comité das Rexións⁽¹⁷⁾.

A solución irlandesa

Durante a reunión do COREPER do luns 13 de xuño de 2005, o Consello adoptou dúas decisións referentes á utilización de linguas na Unión Europea: unha sobre o emprego de linguas adicionais ás oficiais da UE e outra referente ao estatus oficial do irlandés ou gaélico.

Tal e como se mencionou anteriormente, o Goberno irlandés presentou ao Consello da Unión Europea o 24 de novembro de 2004 unha proposta similar á española para que o gaélico irlandés –primeira lingua nacional de Irlanda segundo a súa Constitución– recibise o estatuto de lingua oficial e de traballo da Unión Europea⁽¹⁸⁾.

(17) Véxase o comunicado de prensa en <http://www.cor.eu.int/>.

(18) Consello da Unión Europea, doc 15205/04 de 24 de novembro de 2004.

A diferenza das linguas cooficiais españolas, o irlandés sempre gozou dunha situación especial pois, de acordo co artigo 314 TCE, ten o estatuto de lingua do Tratado, é dicir, é unha das linguas en que os Tratados están escritos e cuxa versión é auténtica. Isto ten como consecuencia que o idioma goce de certos dereitos como o de que os cidadáns poidan dirixirse ás institucións da Unión en irlandés. Non obstante, o gaélico non estaba incluído no Regulamento 1/1958 e, por tanto, non tiña o estatuto de lingua oficial e de traballo da Unión.

No cadro da política do Goberno irlandés de promover o uso da súa primeira lingua nacional nas administracións públicas, este presentou a solicitude de modificar o Regulamento 1/1958 co fin de rematar coa citada situación de “anomalía” e incluír ao irlandés coma unha máis das linguas oficiais da Unión.

Consciente das dificultades que implicaría a inclusión dun novo idioma no sistema lingüístico da Unión, o Goberno de Irlanda propuxo un período transitorio (cinco anos prorrogables) durante o cal determinadas disposicións do Regulamento 1/1958 xa modificado non serían de aplicación. Así, as institucións e organismos da Unión non estarían obrigadas a traducir todos os actos normativos ao irlandés e publicalos no Diario Oficial da Unión Europea, a excepción dos regulamentos adoptados conxuntamente polo Consello e o Parlamento Europeo. Así mesmo, a interpretación do irlandés só sería posible de momento na súa forma pasiva en certas reunións ministeriais e sempre cunha petición previa.

A solicitude irlandesa foi tratada conxuntamente coa española, pero a diferenza desta foi aceptada completamente polo Consello o mesmo día 13 de xuño pois a condición do irlandés como lingua do Tratado non supoñía ningún obstáculo xurídico. Así, modificouse o Regulamento 1/58⁽¹⁹⁾ de xeito que a partir do 1 de xaneiro de 2007, o irlandés será unha das linguas oficiais e de traballo da Unión, que, desta maneira, situaranse en 21. Isto vai esixir a tradución dos documentos de aplicación xeral así como a interpretación tal e como se fai para ás outras linguas oficiais.

Non obstante, tal e como propuxo o Goberno irlandés, para permitir a adaptación dos servizos lingüísticos haberá un período transitorio renovable de cinco anos. Durante este período unicamente se traducirán ao irlandés os regulamentos adoptados conxuntamente polo Parlamento Europeo e o Consello. A aplicación do período transitorio será revisada cada cinco anos, podendo o Consello decidir por unanimidade (precisión da unanimidade introducida pola Presidencia luxemburguesa⁽²⁰⁾) pór o seu fin.

(19) Regulamento (CE) n° 920/2005 do Consello de 13 de xuño de 2005 polo que se modifica o Regulamento n°1, de 15 de abril de 1958, polo que se fixa o réxime lingüístico da Comunidade Económica Europea e o Regulamento n°1, de 15 de abril de 1958, polo que se fixa o réxime lingüístico da Comunidade Europea da Enerxía Atómica e polo que se introducen medidas de inobservancia transitoria do disposto en ditos regulamentos, Diario Oficial da Unión Europea L 156 de 18 de xuño de 2005, p3.

(20) Consello da Unión Europea, doc 9508/05 de 30 de maio de 2005.

Conclusiones

O recoñecemento que se lle deu ás linguas cooficiais españolas –ao permitir o seu uso no seo das institucións comunitarias– constitúe un importante avance dende a óptica da diversidade cultural e lingüística da Unión Europea, pero tamén no que se refire á confirmación da importancia da dimensión rexional no proceso de integración europea e, en último termo, á participación no mesmo das comunidades autónomas españolas. Logro que non merece ser escurecido polo feito de que a pretensión inicial do Goberno español de conseguir o estatuto de lingua oficial por parte da Unión Europea para as outras linguas distintas do castelán que son tamén oficiais en España non fose posible.

A comparación coa solicitude irlandesa, simultánea no tempo á española, podería situar o recoñecemento do emprego de linguas adicionais –entre elas as españolas– nun segundo plano, pero non se pode esquecer a diferenza de puntos de partida: o gaélico coma primeira lingua oficial de Irlanda e que xa gozaba do estatuto de lingua do Tratado, e as outras linguas españolas cooficiais nos seus respectivos territorios, sen contar coas súas implicacións prácticas e políticas, polo que ambos os dous casos non deberían ser comparables.

En todo caso, se temos en conta que este posible uso das linguas cooficiais véñse a sumar á posibilidade introducida no *Tratado que establece unha Constitución para Europa* (a iniciativa igualmente do Goberno español) de traducilo a calquera outra lingua oficial dos Estados membros (artigo IV-448), pódese concluír que estas experimentaron un importante paso adiante para a súa proxección e normalización no seo da Unión Europea, confirmando a existencia dun espazo propio, non necesariamente en conflito co proceso de integración europeo.

En definitiva, a posibilidade de usar estas linguas en todos os niveis da administración, incluído o europeo, constitúe unha garantía para a súa normalización e desenvolvemento, polo que debe ser favorablemente acollida a pesar de non satisfacer plenamente as aspiracións españolas. Ademais, tal e como se recolle nas propias conclusións do Consello, a posibilidade de que os cidadáns podan empregar o seu idioma nas relacións coas institucións europeas é un factor importante na consolidación da súa identificación co proxecto político que representa a Unión Europea.

Marcos Martín Pérez é membro da Dirección Xeral de Competencia da Comisión Europea.